



Concello de **OURENSE**

Xeración de Crédito 7-X/19 (MOD 20/19)
Expte CIVIDAS nº 2019004443

DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Vista a providencia da Concelleira Delegada de Asuntos Sociais de data 25 de marzo de 2019.

Emitido informe proposta polo Xefe do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria en data 25/03/2019, en relación ao expediente 7-X/2019 para xeración de crédito polo prezo público abonado polos usuarios do Servizo de Axuda a Domicilio no importe que supera as previsións recollidas no orzamento municipal.

Vistas todas as liquidacións mensuais do ano 2018 polo concepto de prezo público do Servizo de Axuda a Domicilio, estando estas debidamente aprobadas e ingresadas, e non tendo xerado crédito orzamentario no ano 2018.

Emitido polo Interventor Municipal en data 22/04/2019 informe preceptivo con referencia 07X-19 con asunto "expediente xeración de créditos nº 7-X/2019" no que conclúe que "fiscalízase de desconformidade polos fundamentos e consideracións anteriormente manifestados".

Emitido, a solicitude desta Alcaldía, informe do Xefe de Xestión Económica e Orzamentaria en data 10/05/2019, no que mantendo a proposta de data 25/03/2019, recolle entre outras cuestións cadro cos gastos aprobados e contabilizados no ano 2019 na partida orzamentaria 150/2318/22610 "gastos programa de axuda a domicilio (dependencia)" obxecto da xeración de crédito proposta:

Nº Obriga Rec	Data oper contable	Importe	Concepto
201900004664	14/02/2019	177.084,42 €	Servizo de Axuda a Domicilio Dependencia mes de Agosto 2018.
201900004666	14/02/2019	189.702,36 €	Servizo de Axuda a Domicilio Dependencia mes de Setembro 2018.
201900004668	14/02/2019	187.032,42 €	Servizo de Axuda a Domicilio Dependencia mes de Outubro 2018.
201900004670	14/02/2019	182.676,97 €	Servizo de Axuda a Domicilio Dependencia mes de Novembro 2018.
201900005379	20/02/2019	173.582,94 €	Servizo de Axuda a Domicilio Dependencia mes de Decembro 2018.
201900012532	05/04/2019	29.526,64 €	Achegas usuarios Dependencia. Mes de Agosto 2018.
201900012536	05/04/2019	32.393,51 €	Achegas usuarios Dependencia. Mes de Setembro 2018.
201900012541	05/04/2019	31.923,98 €	Achegas usuarios Dependencia. Mes de Outubro 2018.
201900012549	05/04/2019	31.688,22 €	Achegas usuarios Dependencia. Mes de Novembro 2018.
201900012555	05/04/2019	30.177,48 €	Achegas usuarios Dependencia. Mes de Decembro 2018.

Indicando que o informe foi emitido "en coherencia, e co mesmo criterio, mantido por este servizo no expediente nº 2018025505 (xeración de crédito 22X/2018 por importe de 250.376,46 €), polo que se xerou crédito orzamentario no exercicio 2018 en base o exceso de recadación do prezo público polo servizo de axuda a domicilio do ano 2017, para aplicar o mesmo a finalidade prevista legalmente" e que se fai "cumprindo así co artigo 63 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que



se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no que se recolle que os ingresos recadados polas corporacións locais de Galicia en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios estarán afectados ao financiamento dos servizos que reciban, de conformidade co previsto polo artigo 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia”.

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposición que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, e no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 007-X/2019, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N150.2318.22610	Gastos programa axuda a domicilio (dependencia)	241.553,62 €
TOTAL.....		241.553,62 €

ORIXE DOS FONDOS		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
34100	Prezo Público por servizo axuda a domicilio	241.553,62 €
TOTAL.....		241.553,62 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos, e ó Departamento de Asuntos Sociais para o seu coñecemento.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde do Concello de Ourense, en Ourense, na data da sinatura electrónica, do que eu Oficial Maior dou fe.

